

# NOTAS Y COMENTARIOS

## UNHA MULLER E O DIVINO. COMENTARIO A UN LIBRO DE MARIA ZAMBRANO

Quixese con este pequeno traballo, breve comentario a unha obra aparecida xa hai algún tempo (1), suscitar unha dobre lembranza. Dobre, porque considero que comentando a María Zambrano lémbrese tamén a Ortega; e lémbrese ó filósofo, non só porque este apareza continuamente citado nas páxinas da autora, senón tamén porque nelas se pon de relevo a fertilidade do pensamento do mestre, continuado por ela dun xeito libre e creador a través de novos e ás veces moi diferentes camiños.

Tal e como oportunamente fan José Luis Aranguren e José Angel Valente en sendos artigos adicados á autora (2) a descrición do discipulado que ela mesma nos ofreceu debería ser tida máis en conta cando, con motivo de recentes recoñecementos e da saída ós medios de comunicación do seu nome, identifícase superficialmente á autora coma “a discípula de Ortega”. Estas son as súas emocionadas e recoñecidas palabras:

“Si hemos sido en verdad sus discípulos, quiere decir que ha logrado de nosotros algo al parecer contradictorio; que, por habernos atraído hacia él, hayamos llegado a ser nosotros mismos.” (...) “Hemos de pensar desde nosotros mismos y, al hacerlo, no es con los pensamientos del maestro, sino desde el orden y la claridad que ellos dejaron; desde la autenticidad para la que nos habían preparado.” (3)

Calquera coñecedor da prosa de María Zambrano sabe que o tema do libro que comentamos ten nela unha presenza constante. A propia autora afirma no prólogo que cecais sexa este o seu único ámbito de reflexión, ámbito que José Luis Aranguren en paralelismo coa expresión “ciencia unificada” calificara de “non-ciencia unificada” (4) e no que se reúnen e ás veces se identifican a relixión, a poesía e a metafísica. Tal

---

(1) María Zambrano: *El hombre y lo divino*, F.C.E., México, 1973.

(2) José Luis López Aranguren: “Los sueños de María Zambrano”, *Revista de Occidente*, 2ª época, nº 35, Feb. 1966, pág. 208. José Angel Valente: “El sueño creador” en *Las palabras de la tribu*, s. XXI, Madrid, 1971, pág. 240.

(3) María Zambrano: “Ortega y Gasset, filósofo español” en *España sueño y verdad*, Edhasa, Madrid, 1982, págs. 93 e 96.

(4) José Luis López Aranguren, *op. cit.*, pág. 212.

é o que sucede neste libro no que se asume a imposible tarefa de falar do divino, de aquilo que desde o principio se sabe (se sente), inefable. E polo mesmo, tamén, nesta obra converxen a meirande parte dos temas característicos na autora, prolongacións en definitiva dunha mesma paixón de coñecemento: o tema da palabra e o silencio, o da razón poética ou o que é o mesmo, das relacións entre filosofía e poesía, a preferencia polo pitagorismo, o recurso simbólico á luz e á música, etc...

Como a autora explica no prólogo á edición que comentamos, as seccións cuarta e quinta do libro non aparecían na primeira edición, xa que son escritos posteriores. O núcleo da obra segue sendo, sen embargo, e así o percibe doadamente o lector, o aparecido en 1955 que, a xuicio de María Zambrano, constitúe ademais unha introducción non só ás seccións agregadas en 1973 senón tamén “a todo lo que conservado en las carpetas aguarda el momento propicio de ser entregado a la atención del posible lector”. Precisamente por este carácter xeral e nuclear, á vez, das tres primeiras partes do libro, o noso comentario vaise centrar fundamentalmente sobre as mesmas.

O camiño emprendido por María Zambrano no propósito de “develar o divino”, de acadar “todo aquilo que o pensamento pode develar da divindade”, en palabras da propia autora, non é desde logo o dun discurso crítico. Entendemos por discurso crítico en filosofía aquel no que a filosofía se exerce coma instancia reflexiva interdisciplinaria sobre os datos empíricos aportados polas distintas ciencias humanas sobre o obxecto en cuestión, neste caso, o fenómeno relixioso. (5) O discurso da autora é, pola contra, de carácter fundamentalmente especulativo. Trátase dunha filosofía da relixión de inspiración fenomenolóxica reconocible non só en ailladas referencias a Max Scheler e á súa obra *El puesto del hombre en el cosmos*, senón tamén, e sobre todo, nalgunhas afirmacións da autora nas que se reflexan nidiamente os seus presupostos metodolóxicos. Así por exemplo, na reivindicación do “ver desde dentro”, da mirada que trascende o obxectivo e o subxectivo, o interior e a exterioridade e que recorda claramente a “comprensión” ou *Einfühlung* postulada pola fenomenoloxía (6). Neste mesmo sentido, a autora rexeita abertamente o proceder do pensamento causal que “pasa de largo ante fenómenos de la más honda significación, considerándolos como un hecho y cuando más, buscando su explicación en las causas que nuestra mente actual estima como las únicas reales” (7). Estamos claramente ante a tese da fenomenoloxía que declara a irreducibilidade propia do fenómeno relixioso e a importancia do *sentido* interior ó mesmo.

---

(5) Tal sería a denominada e asumida por Alfredo Fierro “teoría da relixión”. Cfr. a súa obra *Sobre la religión. Descripción y Teoría*, Taurus, Madrid, 1979, na que se expoñen detidamente os presupostos metodolóxicos desta “teoría” e as diferencias con outras perspectivas de estudio do fenómeno relixioso.

(6) Este “ver desde dentro” é o mesmo que o denominado pola autora na súa obra *Claros del bosque*, Seix Barral, Barcelona, 1979, “sentir iluminante” e definido como “sentir que es conocimiento sin mediación”. Tal forma de coñecemento exprésase coa imaxe do claro do bosque, de aí o título do libro. Cfr. igualmente sobre este aspecto: José Angel Valente: “Del conocimiento pasivo o saber de quietud”, *Los Cuadernos del Norte*, año II, nº 8, Julio-Agosto 1981, págs. 6-8.

(7) María Zambrano: *El hombre y lo divino*, pág. 13.

Igualmente o punto de partida da obra é a consideración da divindade coma “outro”, coma “realidade distinta e superior ó humano” a partir da cal se delimitan dous espazos diferentes na realidade, o sagrado e o profano (8). E este, como se sabe, un dos supostos clave da fenomenoloxía da relixión de acordo ó cal se postula a existencia dunha “ruptura de nivel” entre ambos ordes da realidade (9).

Despois destas cuestións introductorias, pasamos xa a considera-las concepcións fundamentais que se expresan no libro.

## O sagrado e o divino

María Zambrano distingue entre o sagrado e o divino, presentandòs ademais coma momentos dun proceso de dirección reversible.

No principio eran a escuridade, as tebras, o enigma e o delirio, e esta “realidade primeira indescifrada” esta “escura matriz” e “escuro fondo da vida” é o que a autora chama o sagrado. O divino xurdirá posteriormente nas imaxes reveladas pola luz sobre ese fondo primixenio que é o sagrado; as imaxes, os nomes dos deuses (10).

Este proceso exemplifícao na relixión grega nun fermoso e inspirado apartado no que vai recorrendo as distintas *imaxes* dos deuses gregos: Apolo, Cronos, Afrodita, Atenea, Dionisos... (11). Según a autora, cúmprese con este paso ó divino, o requisito esencial para a aparición do propiamente humano. As imaxes dos deuses actúan coma primeiras identificacións do home sobre a realidade, coma mediacións que o liberan daquela primeira escuridade, da menesterosidade de se sentir perdido e perseguido. Crean desta forma o espazo da soidade e da libertade, as condicións da pregunta filosófica, da pregunta polas cousas. Gracias ós deuses iníciase un camiño que levará precisamente ó enfrentamento con eles, pois como dí a autora, coa pregunta filosófica o home decidiuse a asumir-lo seu posto no mundo fronte ós deuses que, antes de chegar a este punto, foran os seus inspiradores; inspiradores do mesmo que os supera. Facer filosofía é practicala *epojé* dos deuses e das teogonías (12).

Pero como dicíamos antes, o proceso do sagrado ó divino pode adoptar inversa dirección. Tal é o que ocorre nos nosos días nos que estamos asistindo ó eclipse do divino, ó ocultarse das imaxes dos deuses. María Zambrano efectúa unha distinción coa que pretende acadar un diagnóstico máis preciso da situación contemporánea. Unha cousa é para ela a destrución do divino e outra o ateísmo puro e racional. O ateísmo do noso tempo aseméllase ó dos primeiros pensadores gregos, negadores da

---

(8) *Ibid.*, pág. 42.

(9) Cfr. Mircea Eliade: *Lo sagrado y lo profano*, Guadarrama, Barcelona, 1967. J. Martín Velasco: *Introducción a la fenomenología de la religión*, Cristiandad, Madrid, 1978, pág. 92.

(10) María Zambrano: *El hombre y lo divino*, págs. 209 e 236.

(11) *Ibid.*, págs. 44-56.

(12) *Ibid.*, págs. 62 e 18.

forma en que o divino aparecía baixo as imaxes dos deuses. O ateísmo racional nega o deus-idea, aínda que tampouco consegue eliminar ese fondo escuro permanente da vida, ámbito e residencia do sagrado.

Tal é para María Zambrano o carácter ineludible do sagrado, a súa omnipresencia constante coma instancia que *persegue* ó home: “Y cada vez que el hombre ha soñado destruir sus dioses los ha suplantado por otros, los ha heredado, como si en ese trance de la destrucción de lo divino se sacrificase una etapa de su crecimiento y él recibiera algo divino que le humanizara” (13).

Nietzsche, o filósofo que coa frase “deus morreu” profetizara a nosa época, utilízase para exemplificar esta recuperación do divino destruído. O superhombre nietzschiano representa para a autora un “rpto de entusiasmo”, un intento de recuperación do divino en todo aquilo que a idea de Deus e o divino definido pola filosofía deixara atrás, oculto. María Zambrano interpreta o superhome coma unha auténtica réplica contra o cristianismo e a filosofía, coma un regreso ó caos primeiro, ó orden do sagrado en definitiva. Dionisos xorde contra Apolo, coma símbolo da destrucción dos límites, da definición, das imaxes dos deuses emerxidas da luz.

Esta tese de María Zambrano, se ben expresada nunha linguaxe moi diferente, téñ algo en común coas que hoxe en día se emiten desde a socioloxía e outras disciplinas afíns según as cales paralelamente ó proceso de secularización propio dos nosos días estaríase producindo tamén unha resacralización do mundo e da realidade.

A última manifestación do sagrado é para María Zambrano a nada ou non-ser. Esta, impensable nunha filosofía que ata a época actual se preocupou unicamente polo ser, apareceu primeiro na relixión e máis concretamente na mística.

A nada posúe tódolos caracteres propios do sagrado: hermético, ambiguo, activo, incoercible, e preséntase coma “o outro” que ameaza a todo o que o home téñ de ser. O home de hoxe parece que intimou con ela e vive circundado por ela, en trato inmediato coa mesma. As causas diso estriban para a autora na primacía otorgada á conciencia que aniquila a vida, os motivos reais, as cousas tal e coma son vividas (14). A apelación ó sentimento e a crítica ó racionalismo son, como veremos, dos motivos máis reiterados no libro.

### **A piedade. O trato co “outro”**

Xa dixemos que María Zambrano define o divino desde presupostos semellantes á filosofía da relixión de inspiración fenomenolóxica; o divino preséntase como “o outro”. Desta forma, a piedade será para a autora o saber tratar co outro.

O apartado adicado ó trato co divino discorre en gran parte a propósito da pre-

---

(13) *Ibid.*, págs. 145-146.

(14) *Ibid.*, págs. 183-184.

gunta socrática formulada no *Eutifrón* sobre se a filosofía non destrúe acaso a piedade. María Zambrano insiste na contraposición fundamental que se deu na filosofía grega, a contraposición entre o que ela denomina “logos da palabra” e “logos do número”. O camiño do logos da palabra é aquel que conduce á identidade, á unidade, descuberta no seu primeiro paso en Parménides. O logos do número, de raíces pitagóricas, descobre en Heráclito a harmonía dos contrarios, a “non-identidade”. Cando Sócrates fai a súa pregunta xa se descubrira e establecera a idea de ser, en expresión da autora, xa triunfara Parménides e decidírase desta forma a actitude característica do home occidental. Desde entón, e a pesar de que o logos do número rexorde en ocasións, o principio parmenídeo foi anulando no seu crecemento a través de toda a historia da filosofía as realidades particulares que non poden acadala identidade, e en definitiva, que non se poden dicir. Vaise eliminando do discurso filosófico “o outro”, que ocupará o lugar das marxas da razón e da linguaxe, o lugar do sagrado.

Para María Zambrano a polémica ou diferenza que se deu en Grecia entre filósofos e poetas dibúxase sobre esta dualidade do logos, sobre o trato e relación co sagrado en definitiva. A poesía constitúe para a autora un saber por inspiración que pón de relevo a angustia do mundo do outro, do mundo da discontinuidade, “de los múltiples instantes separados entre sí por abismos de vacío y de silencio” (15). A poesía utiliza a linguaxe da piedade, a linguaxe sagrada apegada á forma orixinaria desta e que se asemella tamén á linguaxe infantil en que todas elas perseguen a execución dunha acción eficaz. Por eso teñen algo de conxuro, de invocación de rito. “La piedad es acción porque es sentir, sentir “lo otro” como tal, sin esquematizarlo en una abstracción”. E a fonte orixinaria é un sentir (16).

Este é o camiño que conclúe na crítica da racionalidade occidental e da súa definición da realidade. Citando o ensaio do seu mestre “Ni vitalismo ni racionalismo”, no que este expón as consecuencias do racionalismo europeo, continúa ela o seu propio pensamento. Califica a razón europea de “razón anuladora do abismo e do misterio” que fai invisible a raíz metafísica da realidade reducíndoa a un horizonte único no que queda fóra o movemento e a vida (17). Pero o home concreto non logrou nunca vivir completamente desde esta razón porque “solo pasajeraamente puede tenerse en suspenso ese fondo último de la vida que es la esperanza” (18). A esperanza, un dos seus grandes temas, é para ela o estrato da vida humana irreductible a razón que impide a impermeabilidade ó misterio, ó sagrado, ó “outro”, a todo aquilo do que a razón non pode falar.

---

(15) *Ibid.*, pág. 211.

(16) *Ibid.*, pág. 216.

(17) *Ibid.*, pág. 194. Como sinala José Luis Aranguren, entre as filosofías coas que María Zambrano posúe conexións e manifesta claras influencias, está a de Henri Bergson. *Op. cit.*, pág. 208.

(18) María Zambrano: *El hombre y lo divino*, pág. 249.

## Os procesos do divino

No que constitúe o terceiro capítulo, e baixo este título, considéranse as emerxencias do divino na historia desde ese fondo irreductible en proceso. Neste capítulo terá unha presenza importante o cristianismo; o deus do que se fala é, moitas veces, o Deus revelado. Nel pódese verificar en ocasións o que José Luis Aranguren, referíndose a outro libro da autora, denominou “andadura místico-explicativa” (19) que coidamos conduce en ocasións a afirmacións que unicamente nos parecen aceptables se se asume conscientemente que se está parcializando a realidade desde un determinado nivel de reflexión. Así, por exemplo, cando se dí: “La verdadera historia humana es la que sigue el serpear de la relación del hombre con su Dios” (20), frase que tén paralelos con outras doutros capítulos: “Una cultura depende de la calidad de sus dioses, de la configuración que lo divino haya tomado frente al hombre (...)” (21).

Parécenos destacable, ademais dun poético e inspirado apartado sobre as ruínas, a análise fenomenolóxica do amor e da envexa coma sentimentos relacionados.

Manifesta claramente María Zambrano unha concepción cristiá do amor. Así, ó afirma-la dimensión divina e transcendente do mesmo fronte á situación indixente na que este se atopa nos nosos días, situación que é produto, ó xuicio da autora, da súa redución ó meramente humano. Insiste tamén na dimensión comunitaria e fraternal do amor, da unión universal e eucarística. Igualmente atopamos ecos de San Xoán na súa interpretación do Verbo coma palabra creadora polo amor do orde e do mundo (22).

O amor relaciónase estreitamente coa envexa e ambos sentimentos mostran a ambivalencia propia do sagrado. Tanto o un coma o outro poden ser definidos coma “avidez do outro”, coma “intentos de vivir no outro”, coma “búsqueda da identidade”. A identidade perséguese coma “salvación do inferno de verse no outro, de ver ó outro que imita ó un” (23).

Pero o abismo que separa ó amor do odio reside na diferenza entre eso que sexa o outro que se aneia ou na unidade realmente acadada. No amor, o outro transfór-mase verdadeiramente no un. Na envexa mantense a alteridade do outro sen permitir-

---

(19) José Luis López Aranguren, *op. cit.*, pág. 211.

(20) María Zambrano: *El hombre y lo divino*, pág. 393.

(21) *Ibid.*, pág. 27.

(22) Cfr. o Evanxelio de San Xoán 1, 1-14:

O comenzo existía a Palabra,  
e a Palabra estaba onda Deus,  
e a Palabra era Deus.  
Ela estaba ó comenzo onda Deus.  
Todo foi feito por Ela,  
e sen ela non se fixo nada de canto existe.

Para a concepción do amor en María Zambrano confróntese a súa obra: *Dos fragmentos sobre el amor*, Begar, Málaga, 1982.

(23) María Zambrano: *El hombre y lo divino*, pág. 282.

se que toque a pureza do un. A pretendida unidade é máis ben o mimetismo propio do reino animal. Porque a busca da identidade dáse tamén na vida animal, pero só se realiza máis alá do ser do home, “no un, separado, absoluto, chamado Deus” (24). A vida só sería verdadeira vida en tanto que se acercase ó Un, en tanto que se vivise a identidade. Pero a vida humana é sempre alteridade, unidade non acadada sen poder renunciar a persegui-la.

¿Mística?, preguntábase un comentarista da autora nun recente artículo (25). Parécenos evidente o tono místico destas afirmacións.

Quixésemos destacar tamén neste apartado, e a propósito da alteridade, a análise fenomenolóxica na que se pón de relevo cómo a suxeitividade se constrúe a partir do outro, isto é, da intersuxeitividade, e a libertade realízase como participación e identidade.

Outras emerxencias do divino tratadas neste capítulo son o futuro coma deus descoñecido ó que, xunto co Estado, afírmase, se lle ofrecen hoxe en día tódolos sacrificios, e a pegada do paraíso que, coma pasado perdido, está presente en cada cultura e en cada relixión nun relato inventado co fin de encher tal valeiro e de dar satisfacción á disconformidade esencial que o home sente ante a realidade que o arrodea.

O libro remata coas seccións cuarta e quinta agregadas nesta segunda edición e nas que xa dixemos, non nos imos deter. Dicir simplemente que a primeira delas “Los templos y la muerte en la Antigua Grecia” son páxinas inspiradas en motivos da relixión grega da que a autora se mostra unha gran coñecedora. A segunda parte, última desta obra, é a titulada “El libro de Job y el pájaro”. Xob é un personaxe frecuentemente aludido por María Zambrano e interpretado coma representante do trato directo e íntimo co divino; como home que na súa traxedia, pregunta, interroga e clama nunha relación persoal co seu Deus tan diferente da que leva a cabo a filosofía. E esta relación directa e inmediata é a que importa, non a existencia de Deus. A filosofía enuncia sen queixa ningunha pois non hai a qué; o deus da filosofía é un que non un quen (26).

Estas son as etapas da viaxe emprendida por María Zambrano, viaxe, como ela mesma dixera dos pitagóricos, de fidelidade ó indicible. Tal viaxe comenza e remata coa palabra alí onde Wittgenstein só creu posible o silencio. Porque para ela o silencio e a palabra son realmente as dúas caras dunha mesma realidade (27). Lendo a María Zambrano apréndese que o silencio aillado da palabra é tan só a detención do ruído,

---

(24) *Ibid.*, pág. 293.

(25) Jesús Moreno: “Un lugar en la palabra”, *Los Cuadernos del Norte*, año II, nº 8, Julio-Agosto, 1981, pág. 21.

(26) María Zambrano: *El hombre y lo divino*, pág. 396.

(27) Amparo Amorós: “Zambrano Valente: la palabra, lugar de encuentro”, *Litoral*, nº 124-25-26 (*María Zambrano, papeles para una poética del ser*, Tomo II), Málaga, pág. 73.

que a palabra sen tensión cara ó silencio convértese no logos racionalista, e que unicamente na tensión entre ambos, na palabra poética, reside a posibilidade de achegarse ó *outro*, a eso que ela identifica co divino. Tal é a palabra de María Zambrano.

“Todo lo que la palabra dice dentro de sus confines, y lo que queda más allá del confín último, del silencio y de lo indecible, por ella, al fin, revelado como tal. Ya que la derrota de la palabra viene a ser al cabo su más resplandeciente victoria: patentizar lo no dicho todavía, y lo indecible” (28).

N. Herrero Pérez

---

(28) María Zambrano: “La religión poética de Unamuno” en *España, sueño y verdad*, op. cit., pág. 280.